



AO REITOR MAGNÍFICO DA UNIVERSIDADE DE VIGO
Don Salustiano Mato de la Iglesia

ASUNTO:

Traslado das queixas formuladas diante do Consello Municipal da Muller e Observatorio Municipal de Xénero

Diríxome a vostede en calidade de Concelleira de Igualdade do Concello de Vigo e como Presidenta do Consello Municipal da Muller. No mes de febreiro, a través de dúas canles: Consello Municipal da Muller e Observatorio Municipal de Xénero(*), trasládanme unha queixa sobre a difusión de mensaxes discriminatorias e misóxinas que empregado da Universidade de Vigo, difunde a través dunha lista corporativa da Universidade de Vigo.

Desde este servizo, compróbase a veracidade da información achegada, así como o seu contido discriminatorio. Quero mostrarlle a miña preocupación, non só porque feitos como os descritos se produzan, senón porque se permita que se reiteren ao longo do tempo, a través dun espazo institucional, como é a lista de correo corporativa, pois no *dossier* da queixa constan mensaxes discriminatorios e sexistas que se difunden pola mesma persoa a través dunha lista de correo corporativa desde hai máis dun ano.

O sexismo pode manifestarse ou expresarse a través de formas de relación e comportamento, en actitudes e accións entre as persoas, así como nos actos das institucións hacia as persoas. As manifestacións máis relevantes do sexismo son: o machismo, a misoxinia e a homofobia. Tal e como menciona a investigadora, especialista en xénero Marcela Lagarde, no documento "*Identidade de xénero e dereitos humanos*", a misoxinia está presente cando se pensa e se actúa como se fose natural que se dane, se maltrate e se promovan accións e formas de comportamento hostís, agresivas e machistas para as mulleres e as súas obras e o feminino.

A Universidade de Vigo, conta co *I Plan de Igualdade entre Mulleres e Homes*, e tal e como se recolle na paxina 24, dito plan é Transversal, afectando a toda a actividade da Universidade.

O seu Eixe 1, adícase ao compromiso da Universidade de Vigo coa Igualdade de Xénero e recolle entre outros no seu obxectivo operativo 1, o compromiso de "*Dar visibilidade ao compromiso da Universidade de Vigo coa Igualdade de Xénero*".

O seu Eixe 2, denomínase "A cultura da igualdade na Universidade de Vigo" e recolle como obxectivo estratéxico "Expandir e impregnar a cultura da igualdade na Universidade de Vigo", nel se recolle entre outros o seguinte: "... A Universidade ten unha responsabilidade importante no cambio cultural, pois debe fomentar valores de democracia, xustiza e igualdade, e debe ser unha referencia nos ámbitos culturais, educativos, económicos e sociais".

Neste mesmo Eixe 2, no obxectivo operativo 1, adicado a "*Promover a reflexión e o debate sobre a igualdade e sobre outros aspectos relativos á equidade de xénero na comunidade universitaria*", no que se recolle como unha necesidade a posta en marcha de accións sensibilizadoras que fortalezan a igualdade como valor asumido por toda a comunidade universitaria.

Polo anteriormente exposto, apelo a súa responsabilidade como persoa que ostenta un cargo público que está ao fronte dun ente que defende publicamente os principios de igualdade de xénero, promulgados a través do *I Plan de Igualdade da Universidade de Vigo*. Ademais, como parte integrante da nosa sociedade, pode contribuír activamente na loita contra o machismo, a misoxinia e a homofobia, rexeitando formalmente e co amparo da lexislación existente calquera manifestación do sexismo na súa entidade, pois só co exemplo institucional pódese impulsar e apoiar o camiño cara unha sociedade máis igualitaria e respectuosa, condición indispensable para previr a violencia de xénero.



Aproveito esta ocasión para lembrarllas a lexislación existente en materia de xénero e igualdade de oportunidades que ampara e protexe ás mulleres ante situacións de desigualdade e/ou discriminación, comezando polo **artigo 14 da Constitución Española**, que xa proclama o **dereito á igualdade e a non discriminación por razón de sexo**, así como algúns exemplos da lexislación vixente en materia de xénero e igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, relacionados dun xeito directo coa cuestión que lle estamos trasladando :

1. Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
2. Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
3. Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.
4. Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
5. Resolución do Parlamento Europeo, de 12 de marzo de 2013, sobre a eliminación dos estereotipos de xénero na UE (2012/2116(INI)).

Pídlle que poña os recursos e instrumentos necesarios para finalizar esta situación misóxina e sexista prolongada no tempo, que se está a producir na comunidade universitaria, agradecéndolle por adiantado a súa colaboración e vontade na resolución desta queixa.

Atentamente,

Vigo, 11 de marzo de 2015
A CONCELLEIRA DE IGUALDADE



concellería
de igualdade
concello de vigo

ISAURA ABELAIRAS RODRÍGUEZ

()O Observatorio Municipal de Xénero é un instrumento municipal, dependente da Concellería de Igualdade do Concello de Vigo, que ten como función recoller as queixas e suxestións da cidadanía e das organizacións en relación coa igualdade de xénero.*